

## CIRCUÍTO GADIS CONCELLO DA ESTRADA

O día 17 de Abril celebrouse a proba do Circuito Gadis, nas instalacións deportivas municipais do Concello da Estrada, e organizada pola Escola de tenis Marcos Vilasánchez, grazas a disposición do Concello da Estrada.

A proba contou cun total de 24 participantes, repartidos do seguinte xeito: pista pequena 6 tenistas, pista de tres cuartos 9 tenistas e pista completa 10 tenista que probaron o seu tenis en moqueta, unha superficie non moi habitual por Galicia, pero si na Estrada grazas ao Concello.

O ambiente foi fenomenal e o tempo, non moi favorable nestes últimos días, non puido ser mellor, permitindo que se xogasen todos os partidos e con tramos de calor. Os novos tenistas gozaron de froita e auga para repoñerse dos seus partidos, así como duns pinchos ao finalizar a mañá para os pequenos e os de pista tres cuartos, e á tarde para os de pista completa, coa entrega de medallas a todos as futuras promesas deste bonito deporte. O club que máis tenistas achegou a esta edición volveu a ser o Recreo Cultural da Estrada, cun total de 11 participantes. Todo este evento non sería posible de non contar co apoio, tanto loxístico coma de material, da Federación Galega de Tenis, as pistas municipais do Concello da Estrada e, por suposto, dos alumnos da Escola de tenis Marcos Vilasánchez, do Clube de Tenis Recreo Cultural da Estrada, que voluntariamente axudaron a que as novas promesas de este deporte so se centraran en xogar e en pasar un bo día. Grazas a Pablo, Manu, Hugo, Pablo, Sergio e Dani.

Foi unha gran xornada de tenis, na que pola mañá tivemos en liza aos máis pequenos e aos de pista tres cuartos. Os máis pequenos xogaron todos contra todos e mesmo se organizaron partidos de dobres. Para os de pista tres cuartos organizáronse dous grupos e unha vez acabados estes volvéronse a elaborar outros para que tamén xogasen todos contra todos. Houbo partidos moi disputados, moitos 13/12 e moitos puntos aclamados por tódolos aquí presentes.

Pola tarde entraron a xogar os de pista completa e novamente vimos grandes puntos, grandes golpes e esforzo en tódolos participantes. Quizais algo tivo que ver que todos sabían que Nadal estaba de volta nunha final, ese tenista que fixo que centos de nenos collesen unha raqueta por velo xogar, e os ilusionase hoxe para disputar os puntos como o fai el.

En definitiva, unha gran xornada de tenis, que fainos soñar cos logros que no futuro lograrán estes novos campións, demostrándonos que o noso deporte ten o futuro asegurado grazas á tremenda ilusión e deportividade que teñen estes pequenos tenistas. Non podo acabar sen mencionar o comportamento exemplar que tiveron todos e cada un deles, moi respetuosos cos organizadores. Tamén quero resaltar o bo comportamento dos pais, bo porque deixaron que os seus fillos e fillas xogasen e se preocupasen única e exclusivamente de xogar ao tenis e disfrutar.

Moitas grazas ao Concello da Estrada, á Federación Galega de Tenis, aos voluntarios da Escola de Tenis Marcos Vilasánchez e o Clube de Tenis Recreo Cultural da Estrada por colaborar na organización deste evento.

MOITAS GRAZAS A TODOS, ESPERAMOS VOLVER VERVOS PRONTO.

Crónica de Marcos Vilasánchez